

CONCELLO DE NARÓN

AUDIENCIA E INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE ELABORACIÓN DA NORMA DENOMINADA:

- **REGULAMENTO DA CAIXA MUNICIPAL DE GARANTÍAS E DEPÓSITOS DO CONCELLO DE NARÓN.**

OBXECTO: Sen prexuízo da consulta previa á redacción do texto desta iniciativa, xa efectuada (ao estimar que a norma afecta aos dereitos e intereses lexítimos das persoas), o Concello de Narón acorda publicar agora un primeiro borrador do texto da disposición neste portal, co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e recabar cantas aportacións adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades. Así mesmo, poderá tamén recabarse directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos se verán afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.

NORMATIVA:

Artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Directriz nº 6 da Regulación da participación cidadá na planificación, elaboración e avaliación da normativa municipal no Concello de Narón.

PROCEDEMENTO

TRÁMITE: Sometemento a audiencia e información pública da disposición normativa anterior.

DESTINATARIOS: Cidadáns/ás afectados/as.

PRAZO: 15 días naturais a contar desde o seguinte a esta publicación no portal.

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN: Como xa se indicou no trámite de consulta previo á redacción deste borrador, é intención desta Corporación a aprobación da seguinte norma:

- **REGULAMENTO DA CAIXA MUNICIPAL DE GARANTÍAS E DEPÓSITOS DO CONCELLO DE NARÓN.**

En base á seguinte fundamentación: O ordenamento xurídico local xeral non regula expresamente o funcionamento nin os procedementos que se deben seguir para a constitución, xestión, prescrición e execución das garantías prestadas antes as entidades locais, nin a caixa de garantías e depósitos municipal.

A través da figura do regulamento da caixa municipal de garantías e depósitos do Concello de Narón preténdese regular os trámites e procedementos aplicables ás garantías e depósitos que se depositen

e esixan polo Concello de Narón e os seus organismos autónomos, mellorando así o funcionamento da Administración en beneficio dos seus cidadáns.

En definitiva, sendo manifesto que toda a normativa existente contense en normas de carácter estatal, xa sexan ditadas para a propia Administración do Estado como para a xeneralidade de Administracións Públicas, e que non existe norma estatal ou autonómica sobre a materia adaptada á Administración Local, é polo que, con esta disposición, se realiza un esforzo para a adaptación desa normativa ao funcionamento e características do Concello de Narón, entendendo ademais que é o instrumento máis adecuado por canto se dota da forza xurídica necesaria para regular as relacións con terceiros derivadas da operativa especificada no seu ámbito obxectivo.

O prazo para recabar aportacións neste trámite de audiencia rematará o día 13 de xuño de 2022.